

CAMPIONATO PROVINCIAL ESCOLAR DE ORIENTACIÓN PONTEVEDRA 2023

1. ORGANIZACIÓN

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Orientación, o Concello de Pontevedra e o Club Aromon Pontevedra

2. DATA, LUGAR E HORARIO

A proba terá lugar o xoves 30 de marzo de 2023 no recinto do Mercantil de Mourente (Pontevedra).

Coordenadas: 42.44998334265996, -8.605615894678651

Localización: <https://goo.gl/maps/BPsyspEVjHb5s6mRRA>



O programa da xornada será o seguinte:

- 10:00h Recepción de participantes e entrega das pinzas electrónicas.
- 10:30h Comezo das saídas.
- 11:30h Saída do/a último/a participante.
- 12:30h Peche de meta para os últimos corredores (dende a saída, cada participante contará con un máximo de 60 minutos para entrar na meta).
- 12:45h Entrega de premios.
- 13:00h Fin da actividade.

3. CATEGORÍAS

- INFANTIL FEMININO (nadas en 2009/2010)
- INFANTIL MASCULINO (nados en 2009/2010)
- CADETE FEMININO (nadas en 2007/2008)
- CADETE MASCULINO (nados en 2007/2008)

4. INSCRICIÓNS

Poderán inscribirse un máximo de 12 participantes por equipo clasificado en cada unha das categorías. A inscrición dos/as participantes rematará o día 23 de marzo e farase utilizando as follas de inscrición aportadas dende Xogade. Poderase exportar nun Excel, dende a aplicación de XOGADE, os datos precisos. Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial. A inscrición remitirase ao enderezo de correo electrónico deportes.vigo@xunta.gal, nun só documento, e nunha soa folla de cálculo; o formato do documento a enviar deberá ser Open Office ou Excel:

- Os campos “Nome” e “Apelidos” deberá ir cubertos cos datos correspondentes a cada deportista (extraídos da aplicación do XOGADE).
- No campo “Categoría” deberase indicar a categoría correspondente ao ano de nacemento indicada no art. 2. acompañado da inicial do sexo (F para a categoría feminina e M para a masculina) indicando deste modo: IM, IF, CM ou CF.
- No campo “Entidade” indicase o nome do centro.

5. TRANSPORTE

No caso de precisar autobús, solicitalo con data límite o 23 de marzo no enderezo electrónico transporte-xogade.pontevedra@xunta.es. Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior ao límite indicado.

6. PINZA ELECTRÓNICA

O club organizador proporcionará unha pinza electrónica a todo participante que careza dela. Esta será persoal e intransferible e deberá ser devolta á organización tras a descarga, ao finalizar o percorrido. Se unha estación SportIdent fallase, débese proseguir a carreira. Non se poderá utilizar o sistema de rexistro de paso polas balizas co sistema de pinza clásica.

7. MODALIDADE

EN LIÑA. A modalidade do campionato provincial será en liña, con saída individual contrarreloxo, na que a persoa participante terá que pasar por todos os controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica indicada no mapa.

8. TERREO

Trátase dunha zona de terreo semiurbano que combina a zona asfaltada e o bosque limpo con presenza de muros e vallas con aperturas que estarán sinaladas no mapa.

9. MATERIAL PROHIBIDO NO MOMENTO DE REALIZAR A PROBA

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e dispositivos que aporten datos xeográficos en toda a zona de carreira por parte de calquera alumno ou alumna participante.

10. PROTECCIÓN DE DATOS E IMAXE

As familias, como titores legais de todo o alumnado participante, por só participar na actividade, autorizan a que se lles fagan fotos na mesma, que se poderán publicarse na web do Club organizador ou da Federación.

11. RESULTADOS

Realizarase unha clasificación individual segundo as puntuacións rexistradas de entrada en meta e outra por equipos. Para a clasificación por equipos terase en conta os catro primeiros homes ou as catro primeiras mulleres que cheguen á meta de cada entidade. Sumaranse os postos destes catro, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba (para cada categoría e sexo). En caso de empate resultará vencedor o equipo que teña o mellor posto individual.

12. PREMIOS E CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO AUTONÓMICO

Entregaranse medallas aos tres primeiros de cada categoría: INFANTIL FEMININO, INFANTIL MASCULINO, CADETE FEMININO e CADETE MASCULINO.

As 5 persoas que acaden os 5 primeiros postos de cada categoría terán dereito a participar no Campionato Autonómico de xeito individual. Clasificación por equipos: En cada categoría asignarase 1 punto á primeira persoa clasificada, 2 á segunda, 3 á terceira e así sucesivamente. A clasificación por equipos formarase coas puntuacións das 4 mellores clasificacións individuais de cada equipo en cada categoría sendo campión o equipo que menos puntos acade. Terán dereito a participar no Campionato Galego os 3 primeiros equipos clasificados en cada categoría; en dito campionato haberá un máximo de seis persoas por equipo.

13. SEGURIDADE

Os trazados dos percorridos pénsanse para evitar as zonas perigosas para os participantes. Ningún control estará situado en lugares que impliquen risco algún para os participantes. Queda totalmente prohibido correr nas zonas asfaltadas debendo gardar as lóxicas precaucións de tráfico.

En todo momento haberá unha ambulancia na zona de concentración para garantir a seguridade dos participantes.

14. REGULAMENTO

Seguirase o estipulado en normativa de Fegado e Xogade.

15. OUTROS PUNTOS IMPORTANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROBA

- Na zona de Saída cómpre manter silencio para poder facer as chamadas adecuadamente e favorecer a concentración dos/as participantes.
- O mapa entregárase na saída, sendo responsabilidade de cada participante comprobar que corresponde á súa categoría.
- Cando se tome a saída tarde, deberase avisar á organización e esperar as indicacións oportunas.
- Fíxase unha hora de peche da carreira ás 12:30h para todos os percorridos. Pasada esa hora, cada participante deberá regresar inmediata e directamente á meta, pasar pola secretaría e entregar a tarxeta emprestada.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- Todos/as os/as participantes que rematen ou abandonen a proba deberán dirixirse inmediata e directamente á meta e pasar pola secretaría e entregar a tarxeta emprestada.
- Poderán ser descalificados/as os/as participantes que cometan irregularidades na proba.
- Está prohibida a asistencia entre orientadores, agás en caso de accidente, sendo aquí obrigatoria.
- Os/as orientadores/as deben realizar a proba en silencio.
- OLLO: malia que estamos falando dunha carreira de orientación, cada participante é prioritariamente peón, polo que ao cruzar unha estrada deberá ter especial precaución e ceder o paso aos posibles vehículos que poidan transitar.

16. EQUIPO TÉCNICO

- Directora da proba: Teresa Bellón Santos
- Técnico SportIdent: Dailo Díaz
- Cartografía: José Antonio Ricoy Bugarín
- Trazados: Ángel Álvarez Serto